

# XIII MAIO Vintage Market

Día: Sábado 02 de Maio

**Lugar de celebración: Rúa Peonil Pablo Iglesias (Boiro, A Coruña)**

Maio Vintage nace coa ilusión de apoiar e difundir o traballo realizado por pequenas marcas, persoas dedicadas ao deseño, á ilustración, á fotografía, artistas relacionados co mundo da moda e arte, así como axudar ao comercio local, promover un espazo de encontro e intercambio de obxectos atemporais e de segunda man. O día do Maio Vintage contribúe á promoción do patrimonio cultural, apoia aos artesáns e comercios locais, impulsa o desenvolvemento económico local, fomenta a creatividade e ten un impacto positivo no noso concello

Se queres participar envía un correo a [ideasamoreas@gmail.com](mailto:ideasamoreas@gmail.com); para postos infantis e colectivos ou asociacións sen ánimo de lucro contactar via mail con [turbinaespacial@gmail.com](mailto:turbinaespacial@gmail.com)

Só poderán participar as persoas que envíen a súa inscrición, antes do **22 DE ABRIL** con:

1. NOME DO POSTO (é fundamental que se utilice o mesmo en todo o proceso)
2. Nome, teléfono, enderezo postal e mail de contacto.
3. Breve descrición do que se vai vender.
4. Fotos, páxina web, blog ou outra info.
5. Espazo lineal que precise.

Soamente seleccionaremos **50 postos** xa que é o que nos permite o espacio de rúa.

- A selección dos postos participantes realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- a) A participación/colaboración no Maio Vintage en anteriores edicións, excluíndose os postos que non xustificaron a ausencia inscritos previamente e seleccionados.
- b) A orixinalidade, creatividade, calidade e o impacto social e ambiental dos produtos e postos.
- c) A orde de inscrición.

- Rematado o prazo de inscricións contactaremos por mail cos postos seleccionados. Unha vez confirmada a participación do posto no XII Maio Vintage.

- **Para a participación no Maio Vintage nesta edición será necesario o pago dunha taxa de 30€ por posto**, a liquidar o día do mercado (quedan excluídos do pago so as asociacións sen ánimo de lucro debidamente acreditadas previamente)

**Non se admitirán postos que non fagan inscrición previamente, nin aqueles que non sexan seleccionados pola organización.**

**As persoas que se inscriban e non acudan finalmente, salvo causa debidamente xustificada ou de forza maior, non poderán voltar a participar no maio vintage en vindeiras edicións.**

#### **ASPECTOS IMPORTANTES:**

- A temática desta edición está adicada aos anos 30. Pídese un esforzo pola decoración do posto, tendo en conta ademais a tradición dos maios como

elemento da cultura galega asociado á chegada da primavera, e a caracterización das persoas participantes acorde a esta estética desta edición.

- O espazo máximo de ocupación por posto é de 3x3m (podendo valorarse casos especiais).
- A ubicación do posto, así como a persoa de contacto será comunicada por mail con anterioridade ao día da montaxe e non pode ser modificada nin previamente nin no propio día do mercado
- Cada persoa participante faise responsable de:
  - asumir o compromiso e a responsabilidade da adecuada instalación, das condicións e dos contidos
  - asumir a responsabilidade da situación laboral e dos materiais de venda ou exhibición
  - asumir a responsabilidade de deixar limpo e recollido o espazo asignado

Para calquera dúbida, ponte en contacto a través do noso mail [ideasamoras@gmail.com](mailto:ideasamoras@gmail.com) o nas redes sociais.